

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria o 9 de outubro de 2017, acordou emitir o informe, que literalmente se transcribe a continuación, sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia da “Festa das Covas de Vilamartín de Valdeorras”:

### “ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu, o 5 de outubro de 2017, o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia da **Festa das Covas**, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud de 31.5.2017
- Acordo Plenario do 30 de novembro de 2016
- Memoria explicativa
- Informe da Área Provincial de Turismo de Ourense do 3 de marzo de 2017
- Informe da Subdirección Xeral de Patrimonio Cultural de 16 de marzo de 2016
- Informe do Servizo de Seguridade Alimentaria do 17 de febreiro de 2017
- Informe da Consellería de Medio Rural e do Mar do 1 de marzo de 2017

### CONSIDERACIÓNS

#### **I. Competencia**

Emítese este informe sobre a declaración da **Festa das Covas** como Festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, e no artigo 6.1 b) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia.

#### **II. Marco xurídico**

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II “Medidas de promoción e fomento”, as Festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo:

*“Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.*

*A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar Festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico. Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”*

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de Festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) **Antigüidade**: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) **Singularidade**: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) **Arraigamento**: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración**:

a) A facilidade de acceso, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como aos servizos necesarios para a súa celebración.

b) A estética, valorarase posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares.

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.

e) A calidade dos actos que configuren a celebración.

f) A creatividade e innovación na celebración do evento.

g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes.

h) A afluencia de visitantes.

i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

4. No que respecta ao informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

### III. Procedencia da declaración

1. Cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro.

- **Antigüidade:** Na memoria achegada sinalase que esta celebración ven desenvolvéndose dende 1996 pero non se achega ningunha documentación que avale esta data.
- **Singularidade:** A singularidade segundo se expón na memoria presentada baséase no feito de que a festa se leva a cabo en bodegas situadas en covas particulares escavadas na montaña .
- **Arraigamento:** Trátase dun evento cultural na que segundo a memoria destaca a participación dos veciños e os propietarios das covas.
- **Accións promocionais:** Non consta documentación presentada as accións de promoción realizadas así como tampouco a participación en feiras u outro tipo de eventos.
- **Valor cultural:** Non consta na memoria ningún informe dun historiador que resalte o valor cultural do evento .
- **Continuidade no tempo.** Segundo se sinala na memoria, esta festa ven desenvolvéndose de maneira ininterrumpida pero non se achega ningunha documentación acreditativa ao respecto.

### 2. Criterios de valoración

Para a valoración desta solicitude téñense en conta os seguintes aspectos:

- **A facilidade de acceso:** O concello de Vilamartín de Valdeorras está situado ao sureste de Galicia, na comarca de Valdeorras. Limitrofe cos concellos de A Rúa, O Bolo e O Barco de Valdeorras, próximo as Médulas (León). A súas principais vías de comunicación son a estrada N-120, que une Ourense e Ponferrada, atravesando Vilamartín tamén a N-536, que tamén une as mesmas poboacións pasando por As Médulas. Atópase próxima a autovía A-6, na súa saída de Vilafranca del Bierzo.

As opcións de transporte público para chegar a Vilamartín son as liñas de autobuses con traxectos dende Ourense dirección Ponferrada (empresa Monbus). Habílanse nas datas de celebración liñas de transporte cos concellos dos arredores. Tamén se pode acceder nas liñas de longo percorrido que saen de Santiago ou Vigo cara a distintos puntos do estado. En Ourense o servizo de tren conecta as principais cidades galegas e españolas, mentres que os aeroportos máis próximos son os de Vigo e Santiago de Compostela.

Respecto á accesibilidade, sinalar a existencia dunha liña habilitada dende O Barco de Valdeorras e A Rúa que comunica os puntos de maior poboación máis próximos existentes cos lugares de celebración dos distintos eventos, cos de restauración e os lugares onde se acomoda o público.

No lugar concreto de celebración do evento, cóntase con aparcadoiros suficientes. **A estética,** A contorna natural, a imaxe do evento ( obxectos promocionais, bandeiras, o lugar de degustación do viño en covas soterradas..., a música) facilitan enormemente a integración no mesmo.

**Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares:** Trátase dun evento cultural vinculado aos costumes da zona vitivinícola, incluíndo distintas manifestacións gastronómicas asociadas ao viño.

**O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza:** Os principios desta festa parten do respecto á natureza, e moitos dos actos que compoñen o evento van dirixidos ao mantemento de tradicións ancestrais. A contorna urbana da festa non destaca positivamente, pero si a natureza e a conservación das covas.

**A calidade dos actos que configuren a celebración:** Ademais das actividades propias da festa, o evento tamén ofrece aos visitantes moitas outras actividades:

- Feira de arte tradicional
- Actividades paralelas ao redor da vide, a pedra, o ferro e o téxtil
- Ruta dos Cerdeirais, dirixida aos máis pequenos da vila
- Concertos musicais e actuacións de charangas
- Homenaxe aos coveiros máis vellos
- Pulpada popular

- Festa da auga, que axuda a aminorar as consecuencias das altas temperaturas da época na zona
- Instalación de atraccións de feira para goce do público en xeral

**A creatividade e innovación na celebración do evento:** A creatividade e a innovación reflíctense nas actividades descritas nos puntos anteriormente expostos.

Non destaca pola creatividade ou innovación.

**O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes:** Na memoria que se xunta indicase que a oferta de establecementos, tanto hostaleiros como de restauración, pode abranguer a unha gran cantidade de visitantes, xa que a repercusión económica do evento se estende aos concellos próximos (O Barco , A Rúa, O Bolo, e outros da veciña comarca de O Bierzo). Existe servizo de taxis tanto en Vilamartín como nas poboacións veciñas.

No lugar concreto de celebración do evento, cóntase con aparcadoiros suficientes. Ademais durante os días de celebración do evento, se procede á instalación dun área de restauración e comercial propias.

**A afluencia de visitantes:** Segundo se expón na memoria achegada, o público asistente foi numeroso, aproximadamente **5.000 visitantes na edición do ano 2016.**

**A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa:** A Asociación de Coveiros de Vilamartín conta coa colaboración económica do Concello a través dos sectores dedicados ao Turismo e o Deporte. Ademais do apoio de numerosas empresas privadas (relacionadas na memoria) pola ampla repercusión que ten na zona, así como da poboación da zona en xeral.

As covas acreditan a singularidade da proposta, e **aínda que** o evento para o que se solicita a declaración non acredita o cumprimento de todos os requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, valórase que as covas representan unha singularidade desa parte de Galicia.

En todo caso, todos os viños que se usen, vendan ou se degusten na festa deben pertencer á Denominación de Orixe Valdeorras debidamente etiquetados para manter a cualificación de interese turístico.

Polo exposto, o Consello do Turismo de Galicia

### **INFORMA**

**Favorablemente** a declaración como festa de interese turístico de Galicia da Festa das Covas de Vilamartín de Valdeorras, condicionado a que no caso de que se degusten, vendan ou expoñan viños, estes deben pertencer á Denominación de Orixe Valdeorras debidamente etiquetados.”.